

IMAXINA ANIMAIS

Textos de XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de JUAN VIDAURRE

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €.

[Imaxina animais](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-395-1. MareMar.

[Imagina animales](#) (castelán)

ISBN 978-84-8464-394-4. Obras de autor. Lectores autónomos.

...Pasaron os anos e comprobei que hai moitos máis perigos dos que un pode imaxinar. Bechos que nos espreatan, animais que nos vixían sen que nos decatemos da súa ollada. Non sabemos das súas intencións, mais a súa silandeira presenza desacóuganos. Con moita paciencia e bo ollo, póñovos en antecedentes duns poucos animais que descubrín logo de moitas noites en vela...


O abrenoiotes, o metrocol, o tibulatas, a bolbopecha...

Por terra, mar e aire, estes singulares animais sorprenderán o lector, animándoo a contemplar os trebellos da súa contorna con outro punto de vista, porque nada é o que parece.

Ideas que van e veñen, xogos de palabras, ferramentas que deixan de ser o que son para camuflarse nun espazo alleo... Neste libro de creación conxunta entre Xosé Ballesteros e Juan Vidaurre, os autores descontextualizan o significado das cousas, alteran por sorpresa o seu estado natural e propóñenlle ao lector un xogo próximo ás greguerías de Gómez de la Serna para descubrir a vida oculta dos obxectos, cunha proposta estética chea de humor e paradoxos.

Neste catálogo de ideas-obxecto, Vidaurre constrúe metáforas visuais asociando insolitamente dous entes que proceden de espazos que -por separado- nada teñen que ver entre si, pero que comparten algunha cualidade física ou abstracta. O seu traballo inspírase na obra poético-visual de Joan Brossa e do fotógrafo Chema Madoz. Ao igual que os seus principais referentes artísticos, transforma os obxectos, dótaos de ollos, ás, antenas, bocas e patas. Como un equilibrista dos conceptos, consegue que o lector experimente curiosidade ante a mestura chocante destes elementos sobre fondos neutros.

Os textos de Xosé Ballesteros achegan o lector a un estraño medio natural no que se confunden a realidade coa ficción; onde -xogando coas palabras- evócanse animais inexistentes a través das súas características e dos ambientes nos que habitan. Trátase dun exercicio de estilo, un elaborado traballo literario no que subxace o concepto surrealista da *palabra-maletín* de Xulio Cortázar, o *nonsense* ou disparate creado por Lewis Carroll -practicado tamén por Edward Lear- e no que se aprecia unha homenaxe a Gianni Rodari e á súa *fantástica*.



- **Temática:** concepto idea-obxecto.
- **Idade recomendada:** a partir de 9 anos.
- **Aspectos destacables:** libro de autor; visión creativa do mundo que nos rodea; fotomontaxe, collage; estimular a imaxinación, darlles aos obxectos outros significados; talleres de escrita creativa; do adaptador de contos tradicionais como [“O coelliño branco”](#), [“Tío Lobo”](#), [“Os tres porquiños”](#) ou [“Os sete cabritos”](#) (Kalandraka).

Xosé Ballesteros

(Vigo, 1956)


Editor, co-fundador de KALANDRAKA, escritor e tradutor. Publicou, entre outras obras, a novela "Talego" (Xerais, Premio García Barros). No eido da Literatura Infantil e Xuvenil é autor da serie "Os Gordibolas" (Xerais), do libro "Imaxina animais" e adaptou varios contos tradicionais, como "O coelliño branco", [“O traxe novo do rei”](#), "Os tres osos" e "Os sete cabritos" e [“As pescadoras”](#) (KALANDRAKA), Premio da 33ª Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Madrid; ademais, traduciu ao castelán a antoloxía [“Fernando Pessoa: selección poética”](#) (FAKTORÍA K).

Juan Vidaurre

(Madrid, 1970)

Dende 1997 desenvolveu numerosos proxectos de deseño editorial, publicitario, identidade corporativa, ilustración, comunicación e carteis, polos que recibiu diversos premios. Participou na Bienal Iberoamericana do Deseño (2008). A súa obra publicouse en revistas especializadas, ademais de ser autor de varios libros. Participou en exposicións individuais e colectivas, ademais de impartir charlas e obradoiros de ilustración obxectual para público infantil.

<http://www.juanvidaurre.es>



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com